



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases específicas para a confección dunha bolsa de emprego temporal para postos de socorristas

Polo Decreto desta Alcaldía núm.517/2022, do 20 de abril, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

“BASES ESPECÍFICAS BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL LABORAL DE SOCORRISTAS”

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de interinos para cubrir prazas vacantes de persoal laboral ou calquera das situacións contempladas no artigo 1 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada e no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma para substitucións por vacacións ou permisos do persoal coa categoría de socorrista; en todo aquilo que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2022”, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de abril de 2022.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ós/ás aspirantes nomeados/as, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PS 5/2022

3ª.- VIXENCIA DA BOLSA

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogables por outros 3, dende a súa aprobación por resolución do Alcalde que se publicará no taboleiro e na sede electrónica municipal.

4ª.- CARACTERÍSTICAS DAS POSIBLES PRAZAS.

- a) Denominación da praza: Socorrista.
- b) Grupo IV de persoal laboral asimilado ao grupo C subgrupo C2 de persoal funcionario.
- c) Tipo de relación xurídica: persoal laboral temporal.
- d) Funcións: Prever accidentes ou situacións de emerxencia nos espazos naturais do Concello de Sada realizando, tarefas de vixilancia e información.

Rescatar persoas en casos de accidente ou situación de emerxencia. Asistir como primeiro intervinente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

Velar pola seguridade dos usuarios dos espazos naturais do Concello de Sada previndo situacións potencialmente perigosas realizando unha vixilancia permanente e eficiente e intervindo de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia.

5ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

6ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente.

- Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia ou ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, sempre e cando non transcorrera o prazo máximo prefixado para a súa emisión. (modalidade espazos acuáticos naturais).

- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 3 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

7ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

Ademais da documentación prevista na base 4ª das xerais achegarase:

- Copia do documento que acredite a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire a base 6ª.

No caso de ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, deberase presentar a dita solicitude xunto coa documentación que acredite estar en posesión da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais establecida no artigo 4.2 do Decreto da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia 152/2021, de 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático nos espazos acuáticos naturais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 216, 10-11-2021).

O prazo é de **10 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

- As taxas de participación no proceso selectivo serán as fixadas nas bases xerais para o grupo C subgrupo C2.

8ª.- PROCESO SELECTIVO.

1.- Fase de oposición.

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistentes en probas de coñecemento teórico e superar probas de aptitude física para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar.

PRIMEIRO EXERCICIO

Consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo IV das bases xerais e base 10ª das específicas). Estará composto por vinte preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 0,5 puntos, as respostas deixadas en branco ou incorrectas non descontarán. A cualificación máxima é de 10 puntos. Terá carácter eliminatorio, debendo acadarse para superalo 5 puntos. O tribunal poderá determinar o establecemento no cuestionario de preguntas de reserva, para empregalas no suposto de anulación de preguntas.

SEGUNDO EXERCICIO: Que se desenvolverá nunha praia do termo municipal. Consistirá en percorrer unha distancia total de 200 metros. A saída realizase dende un punto marcado na beira da praia. O/a aspirante nadará até unha boia ancorada a unha distancia de 100 metros respecto do punto de saída e volverá a este,

As mulleres concederáselles unha vantaxe de 30 segundos na saída respecto dos homes.

O tribunal determinará antes do desenvolvemento o tempo máximo de realización da proba. Poderán empregarse aletas e un traxe de neopreno non superior a 4 milímetros.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, outorgando a maior puntuación á persoa aspirante que o realice no mellor tempo e o resto puntuarase nunha regra de tres en proporcionalidade. As que non a rematen no tempo establecido polo tribunal ou abandonen serán eliminadas.

-Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio teórico, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios puntuables.

3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4º realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PREVIOS Á CONTRATACIÓN

1º A persoa chamada pola orde de prelación da bolsa de emprego resultado desta convocatoria, presentará antes de cada susceptible contratación:

- certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas.

- acreditación da vixencia da inscrición no rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia ou de que se ten solicitada e pendente de resolución nos termos da base 7ª.

2º No suposto de que a persoa chamada resulte non apto/a recoñecemento médico ou non teña vixente ou pendente de resolución a petición de inscrición, non poderá ser contratada a e será excluída da bolsa de emprego.

10ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

TEMA 6.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos.

TEMA 7.-Socorrismo. Principios xerais.

TEMA 8.-Reanimación cardiopulmonar. Emprego do DESA.

TEMA 9.-Traumatismos. Lesións e contusións.

TEMA 10.- Feridas. Hemorragias.

TEMA 11.- Shock. Cadros convulsivos.

TEMA 12.- Queimaduras. Trastornos térmicos.

TEMA 13.- Intoxicacións.

TEMA 14.- Picaduras e mordeduras.

TEMA 15.- Accidentes acuáticos.

TEMA 16.- Plan de autoprotección.

TEMA 17.- Plan de actuación en zonas de baño.

TEMA 18.- Salvamento e socorrismo acuático profesional.

TEMA 19.- Praias e augas oceánicas e continentais.

TEMA 20.- Praias do Concello de Sada.

TEMA 21.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereitos. A normativa reguladora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 21 de abril de 2022

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2022/2137